WIKIPEDIA

Lingua grega antiga

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **grego antigo** (ἡ Ἑλληνικὴ γλῶττα *hē Hellēnikḕ glõtta*) é unha das linguas indoeuropeas, chegada a Grecia entre os séculos XXV e XVII antes da nosa era. Posteriormente deu pé ao grego moderno.

Grego antigo ***Ἑλληνική*** ***Hellēnikḗ***	
Falado en:	Leste do Mediterráneo
Extinción:	século -IX até o século VI
Familia:	Indoeuropea Helénica **Grego antigo**
Escrita:	Alfabeto grego
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	grc
ISO 639-3:	grc (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=grc)



Extensión da lingua grega antiga.

Índice

Dialectoloxía

Artigo principal: Dialectos gregos.

En orixe, había unha gran variedade de dialectos, reunidos en catro grupos: arcado-chipriota-panfilio, occidental ou dórico, eolio e xónico-ático.

Falar ***do** grego antigo* non ten moito sentido se se quere referir a un dos idiomas antigos: nos feitos, porén, ***o** grego* designa o dialecto de Atenas. O ático (dialecto do grupo xónico-ático), lingua da antiga Atenas, é a lingua na que se escribiu a maioría da literatura grega clásica. Baixo a influencia de Alexandre o Grande, o emprego dos dialectos refreouse, de sorte que o mundo grego utilizase a κοινή *koiné*, lingua común (é o senso do adxectivo κοινός *koinós*) xurdida de varios dialectos do grupo xónico-ático. Esta permitíalle comunicarse co seu exército e ensinábase aos habitantes das rexións conquistadas, converténdose así na *lingua franca* da Antigüidade, en competencia co latín. A *koiné* converteuse pronto na lingua oficial do Imperio romano de Oriente, antes de continuar a evolucionar para dar lugar ao grego moderno de hoxe.

Escrituras

A primeira forma de escritura testemuñada para notar un dialecto grego é o lineal B, un silabario sen relación co alfabeto grego, que servía para transcribir unha forma arcaica dun dialecto do que máis tarde derivan os do grupo arcado-chipriota-panfilio, o micénico empregado en Grecia continental e en Creta entre -1550 e -1200 aproximadamente. Entre -800 e -200, unha escritura próxima, o silabario chipriota, foi utilizada en Chipre. Este silabario podería descender do chipro-minoico (cf. infra).

Compre notar que existiron en Grecia escrituras máis antigas que o lineal B e o chipriota, sen que se saiba se serviron para escribir o grego:

- o Lineal A (entre -1800 e -1450, en Creta e nas illas do mar Exeo].
- o cretense xeroglífico (entre -1750 e -1600, en Creta).
- o chipro-minoico (entre -1500 e -1200, en Chipre), se cadra derivada do Lineal A.

A continuación empregouse o alfabeto grego, herdado dos Fenicios e do seu alfabeto, que tivo diferentes versións (chamadas epicóricas) a partir dos séculos IX ou VIII e que logo se normalizou e se impuxo ao resto do mundo helenófono por Atenas en -403. Ao engadiren as vogais a este abjad semítico, os Gregos son os inventores dos alfabetos occidentais. En efecto, tomado prestado polos Etruscos (cf. Alfabeto etrusco), que o transmitiron aos romanos, deu lugar ao alfabeto latino, pero tamén, sen pasar polos etruscos, ao alfabeto gótico, ao cirílico, ao alfabeto copto,...

A historia do alfabeto grego constitúe un artigo separado.

Fonoloxía

O grego antigo é unha lingua con acento de altura, que posúe dúas (ou tres, segundo as interpretacións) entoacións: aguda e circunflexa (cf. **Acentuación do grego**). Caracterízase tamén por un sistema de consoantes aspiradas e por un xogo de oposicións de cantidades vocálicas. Hai moitas regras de sandhi, tanto internas como externas.

Ao pasar do indoeuropeo ao grego, a lingua sufriu moitas modificacións fonéticas. As máis importantes explícanse coa lei de Grassmann, a lei de Osthoff e a lei de Rix. Nótase tamén por outra banda que o grego permite restituír en moitos casos a coloración das laringais IE. Na clasificación tradicional das linguas indoeuropeas aparece como unha lingua *centum*.

Historia da lingua grega (ver tamén: alfabeto grego)
Protogrego (c. –2000)
Micénico (c. -1600–-1100)
Grego antigo (c. –800–-300) *Dialectos*: Eolio, Arcadochipriota, Ático, Dórico, Macedonio, Xónico
Koiné (desde c. -300)
Grego bizantino (c. -330–1453)
Grego moderno (desde 1453) *Dialectos*: Capadocio, Chipriota, Demótico, Griko, Katharevousa, Póntico, Tsakonio, Ievánico

Morfoloxía

O grego, como outras linguas indoeuropeas antigas, é altamente flexiva. Ademais de polo emprego de desinencias, o grego se caracteriza por procedementos herdados do indoeuropeo como a alternancia vocálica, o uso da reduplicación e do aumento nos verbos.

Sistema nominal

Os nomes distinguen cinco casos (nominativo, vocativo, acusativo, xenitivo e dativo), tres xéneros (masculino, feminino e neutro, ás veces reducidos a unha oposición animado / inanimado) e tres números (singular, dual, plural e colectivo para os neutros). O grego moderno xa non emprega o dativo, excepto en certas expresións como *en taxei*, pero os outros casos consérvanse xeralmente.

Hai tres grandes tipos de declinacións, tanto para os nomes como para os adxectivos (tipo en -α/η, tipo temático en -ος e tipo atemático), que, a súa vez, teñen subtipos. Os pronomes seguen un sistema propio e que, por ter influenciado os tipos nominais,non está moi separado destes.

A complexidade da flexión nominal vén da súa riqueza.

Sistema verbal

Os verbos teñen tres voces (activa, media e pasiva), tres persoas e tres números. Conxúgase en seis modos, catro persoais (indicativo, imperativo, subxuntivo e optativo) e dous impersoais (infinitivo e participio). Hai sis tempos (presente, imperfecto, aoristo, futuro, perfecto e pluscuamperfecto), repartidos de maneira desigual entre os modos. Existen algunhas formacións secundarias, como o futuro anterior.

Ademais do tempo, o verbo expresa sobre todo, de maneira moi precisa, tres aspectos (imperfectivo, aspecto cero e estático) e moitos modos de proceso (incoativo, iterativo, frecuentativo etc.). só o indicativo marca tempo: en todos os outros modos, só se indica aspecto.

Hai dúas grandes categorías de conxugacións: os temáticos (ou *verbos en -ω*) e os atemáticos (chamados *verbos en -μι*). Estas categorías divídense nun gran número de subcategorías. O sistema verbal é moi complexo pois a flexión xoga con moitos procedementos, como a alternancia vocálica, a sufixación o xogo de desinencias, o emprego dunha vogal temática, o aumento e a reduplicación. A todos estes procedementos hai que engadir as modificacións fonéticas importantes no seo dun mesmo paradigma.

Así, non é esaxerado dicir que hai máis *verbos irregulares* que regulares.

Influencia do grego antigo sobre as linguas modernas

Palabras cultas e raíces gregas

Un gran número de palabras en latín, galego, castelán, francés e inglés, por non citar máis linguas, son de orixe grega e a maioría dos neoloxismos cultos utilizados polo mundo adiante están forxados con raíces gregas (a miúdo mesturadas con radicais latinos). Só unhas poucas linguas, como o islandés de xeito sistemático e, nunha menor medida, o alemán, non empregan estas raíces, senón que traducen por calco os termes cultos gregos a través de raíces que lles son propias.

Palabras correntes

Palabras como *bodega* ou *carácter'* veñen tamén do grego. Pasadas polo latín e herdadas como tal no galego (ou a través doutra lingua), sufriron as mesmas modificacións fonéticas que as outras palabras herdadas e agora están moi separadas do seu étimo grego: cómpre recoñecer tras elas ἀποθήκη *apothḗkê* e χαρακτήρ *kharaktḗr*.

O dédalo sincrónico do cosmos político

Velaquí, para ilustrar a omnipresenza do grego nas linguas occidentais, un extracto dun texto de Xenofonte Zolotas (Ξενοφών Ζολώτας) no que cada palabra (agás as gramaticais) é de orixe grega:

> *Sen apostrofar a miña retórica no énfase e na plétora, analizarei elipticamente, sen galicismo ningún, o dédalo sincrónico do cosmos político caracterizado por síndromes de crise que paralizan a organización sistemática da nosa economía. Nós somos periodicamente escépticos e neurasténicos ante estes paroxismos perifrásicos, esta bulimia dos demagogos, estas hipérboles, estes paradoxos hipócritas e cínicos que simbolizan unha democracia anacrónica e caótica. Os fenómenos fantásticos que nos profetizan para a época astronómica han destronar os programas raquíticos, híbridos e esporádicos do noso ciclo atómico. [...]*

Véxase tamén



Vexa a proba da Wikipedia en ***Lingua grega antiga (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/grc)***

Outros artigos

- Linguas indoeuropeas
- Dialectos gregos
- Alfabeto grego, Diacríticos do alfabeto grego, Letras suplementarias do alfabeto grego e Historia do alfabeto grego
- Grego moderno
- Literatura grega

Ligazóns externas

- Xerador de texto aleatorio grego (http://www.lorem-ipsum.info/_greek) ademais do habitual *lorem ipsum*.
- Dictionnaire Freelang (http://www.freelang.com/dictionnaire/grec.html) - Dicionario grego-francés/francés-grego
- Dictionnaire Freelang (http://www.freelang.com/dictionnaire/grec_ancien.html) - Dicionario grego antigo-francés/francés-grego antigo